

# TODO É POSIBLE

Había unha vez un inventor que lle gustaba moito os artefactos estranos e agora estaba traballando no seu último invento: Un aparato para mirar as estrelas. Pero, como non, atopábase co problema de sempre, non sabía como facelo, que forma poñerlle e que outro poder tería a maiores. Pasaba horas e horas pensando pero non se lle ocorría nada.

Un día, como xa non lle podía máis a cabeza, foise A Veiga. Había escoitado que nese cocello polas noites hai lugares moi fermosos para ver as estrelas, xa que teñen a consideración “Destino starlight”. Instalouse nunha casa rural dun pobo chamado Valdín. Pola noite colleu a súa libreta especial e marchou en busca do seu destino.

O final conseguiu chegar a montaña e alí puido contemplar cos seus propios ollos, que non era mentira, era algo maravilloso xamais vira un lugar parecido! O acabar de conterplar aquel espectáculo, sentouse no mellor sitio que atopou e comenzou a anotar todo o que lle parecía importante. Pasou como dúas horas alí ata que lle entrou o sono e regresou a casa rural.

Unha vez alí meteuse na cama co seu quentiño pixama e antes de durmir pensou:

“Xa o teño! Xa sei que outro poder terá o meu invento : ver os planetas”

O día seguinte o noso protagonista decidiu ir a dar unha volta pola Veiga, para comezar mellor o sitio. Visitou a “Cántara da Moura” e tamén o embalse tan bonito que lle recomendaron os da cara rural. Gustaríalle poder dar unha volta nesas barcas que tiñan, pero, so funcionan en verán e posto que era outono non podía.

Pasou a mañá visitando esos sitios tan fermosos e divertiuse tanto que se lle pasou voando. O rematar de comer volveu a casa, encerrouse na habitación e

púxose a pesar tumbado na cama meditando as posibles ideas para o seu invento.

Seguía pensando ata que se lle ocorreu mirar a hora e, abraiado, decatouse de que xa eran as sete e tiña que ir a montaña onde se vían tan ben as estrelas, pero como inda era de día tiña tempo para seguir pensando, así que tumbouse de novo. Uns minutos mais tarde dicidiu: “será grande, e levará un soporte, non será mala idea”.

Chegaron as dez en punto, preparouse, colleu a súa libreta e foise coa decisión de que non ía marchar de alí ata que encontrase o que buscaba.

Cando chegou e foise sentar no sitio do día anterior, notou que algo fallaba, había alguen que había ocupado o seu sitio; pero non lle importaba sentábase seu lado e xa está. Saudáronse cun “boas noites” e cada un se puxo o seu. Pasou un rato ata que o inventor deuse conta que a muller que estaba o seu lado tamén debía de ser unha inventora, pois na súa libreta había un montón de debuxos dun aparato moi extraño e de pezas para motalo. Preguntoulle se era unha inventora, o que ela lle respondeu que sí que o era.

Axudáronse mutuamente nas seguintes semanas, o inventor sempre lle dicía que non atopaba o que estaba a buscar para o seu invento e ela sempre lle dicía que non se podía rendir, decíalle: “Todo é posible, e estou segura de que o conseguirás”. Repetíalle esa frase unha e outra vez durante todo o día e el cada vez tiña máis seguridade en sí mesmo.

Pasadas unhas horas o inventor deu un respingo e comozou a gritar: “Xa o teño, xa o teño! Por fin o conseguín, xa seu o que vou facer!” Contoulle a súa amiga o que tiña pensado facer e sen perder un segundo púxose mans a obra e comezou co seu invento.

A finais do mes xa o tiña feito, era un invento moi fermoso, redondo e alongado, cun cristal a cada extremo. Dende ese día soupo, que todo é posible, que so hai que esforzarse un pouquiño e conseguirás o que te propóns.

**ANA ALONSO DOMÍNGUEZ**